

# saúde sexual e reprodutiva o caso galego.

ideas impresas

*colaboración coa  
Marcha Mundial das Mulleres*

(número 7 · ano 2022)



Fundación  
**GALIZA  
SEMPRE**

**edita**

Fundación Galiza Sempre  
Avda. Rodríguez de Viguri 16  
15702 Santiago de Compostela  
[www.galizasempre.gal](http://www.galizasempre.gal)

**corrección lingüística**

Goretti Sanmartín

**textos**

Erea Blanco

**deseño gráfico**

distrito xermar

**depósito legal**

C1325-2022

**colabora**



**Deputación  
DA CORUÑA**

# Índice

<b>1</b>	<b>Limiar</b>	<b>· 5 ·</b>
<b>2</b>	<b>Breve perspectiva histórica da evolución legislativa do aborto no Estado español</b>	<b>· 7 ·</b>
<b>2.1</b>	<b>Antecedentes remotos</b>	<b>· 7 ·</b>
<b>2.2</b>	<b>Antecedentes</b>	<b>· 8 ·</b>
<b>2.3</b>	<b>A reforma da Lei do aborto de 2010</b>	<b>· 9 ·</b>
<b>2.4</b>	<b>O intento de reforma do ministro Gallardón</b>	<b>· 9 ·</b>
<b>3</b>	<b>O movemento feminista na conquista pola Lei do aborto no Estado español despois do franquismo</b>	<b>· 11 ·</b>
<b>4</b>	<b>O movemento feminista polo aborto na Galiza</b>	<b>· 17 ·</b>
<b>5</b>	<b>O camiño cara á Lei orgánica 2/2010</b>	<b>· 31 ·</b>
<b>6</b>	<b>A Marcha Mundial das Mulleres e a cuestión do aborto</b>	<b>· 33 ·</b>
	<b>Anexo</b>	<b>· 71 ·</b>



## Limiar

A Asociación Galega da Muller e o Movemento Democrático de Mulleres de Galiza publicaban nos anos 70 un manifesto conxunto que levaba por título *A liberdade de ser nai pasa pola liberdade de non selo*. Aquele foi un dos primeiros manifestos nos que se denunciaba que o aborto non era un delito, atinxía única e exclusivamente a un problema de saúde pública. Iniciábase entón unha loita polos dereitos sexuais e reprodutivos no noso país que chegaría aos nosos días.

Van xa 50 anos desde que moitas galegas se organizaron no movemento feminista para reclamar un dereito tan fundamental como o de dispoñer do noso corpo libremente, cando e en que condicións queremos ser nais. Mais non polos anos de acumulación de loita e as diferentes reformas da lei, un caderno como este, que leva por título *A saúde sexual e reprodutiva. O caso galego*, perde vixencia.

A día de hoxe o feminismo galego segue batallando por garantir un aborto libre, gratuito e público. A pesar de que a Lei de prazos aprobada en 2010, superaba á lei de supostos e nacía co obxectivo de garantir o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo até a semana 14 de xestación, a realidade é que a obxección de conciencia na práctica establece unha agresión directa á vida das mulleres e á saúde pública. As ideas ou valores que o ou a profesional ten respecto ás tarefas que implican dita atención non poden impedir que calquera muller poida interromper o seu embarazo nun hospital da rede sanitaria pública. A obriga das administracións e dos gobernos é velar precisamente porque sexa nos centros públicos onde se realicen os abortos con todas as garantías.

Este número 7 da colección *Ideas Impresas* é unha colaboración que a Fundación Galiza Sempre ten o pracer de realizar coa Marcha Mundial das Mulleres, un monográfico dedicado á loita pola despenalización do aborto na

Galiza. Nas páxinas que seguen, a MMM fai un pequeno percorrido histórico recollendo as contribucións que o movemento feminista fixo ás políticas de saúde sexual e reprodutiva. O documento é a exposición dunha enquisa que a Marcha levou a cabo en 2022 sobre saúde sexual e o dereito ao aborto para coñecer as sensibilidades e experiencias das galegas arredor desta cuestión.

Agradecemos o traballo das compañeiras da MMM polos anos de loita incansábel a prol dos dereitos e das liberdades de todas nós, mais tamén pola elaboración deste documento no que se recollen datos certos a través de experiencias persoais. Agardamos que este sexa o primeiro de moitos máis proxectos en común nesta colección das *Ideas Impresas*.

**Fundación Galiza Sempre**

# Breve perspectiva histórica da evolución lexislativa do aborto no Estado español

## Antecedentes remotos

Historicamente o aborto estivo tipificado como delito no Estado español. Nos artigos 639 e 640 Código penal de 1822 estableceíanse penas de reclusión para as profesionais que facilitasen o aborto e para as mulleres que o levasen a cabo.

O artigo 639 establecía a pena de reclusión para quen provocase intencionadamente o aborto a unha muller grávida sen o seu consentimento. Co seu consentimento reducíase entre un e catro anos a reclusión. En relación a médicos, boticarios, comadras ou matronas que facilitasen os medios para provocar un aborto, fixébase a inhabilitación perpetua para o exercicio e penas que variaban dependendo da interrupción efectiva do embarazo. O atenuante *honoris causa* significaba a redución das penas no caso de levar a cabo un aborto para ocultar a deshonra da nai. O artigo 640 establecía a pena de reclusión para a muller que abortase voluntariamente e unha máis reducida para a muller “solteira ou viúva non corrompida e de boa fama anterior e resultar a xuízo dos xuíces que o único móbil da acción foi encubrir a súa fragilidade”. O código non establecía penas para a muller que intentase abortar sen conseguilo.

O Código penal de 1848, no seu artigo 337, establecía unha graduación nas penas que ían desde a reclusión temporal nos supostos de exercicio de violencia sobre a muller grávida, a prisión maior para a realización do aborto

sen consentimento da muller e a prisión menor para as prácticas abortivas co seu consentimento. As sucesivas reformas penais introducidas a partir de 1870 case non alteraron os supostos do Código penal de 1848 e continuou coa clasificación do aborto en tres modalidades, introducíndose unicamente unha modificación nas penas ao castigar con prisión correccional en grao medio e máximo o aborto realizado co consentimento da muller.

Xa no século XX, os artigos 418, 419 e 527 do Código penal de 1928 castigaba o aborto. O Código penal de 1932 seguía condenando o aborto e tan só introduciu a novidade de considerar o delito abortivo con resultado de morte para a nai, facendo recaer sobre o culpábel as penas no seu grao máximo, sempre que se apreciase imprudencia e que non correspondese unha pena maior. Finalmente, a lexislación penal do Código de 1944 sobre o aborto estaba recollida nos artigos 411 a 417, onde se castigaba sempre severamente.

No caso de Catalunya, en 1836 promulgouse a coñecida como Lei de reforma euxenésica do aborto, en que se regulaba o aborto e en que se incluían as causas terapéuticas, euxenésicas, neomalthusiana e as sentimentais ou éticas.

## **Antecedentes**

En 1983 modificouse o artigo 417 do Código Penal de 1944 establecendo a despenalización do aborto en tres casos: perigo grave para a vida da nai, violación e problemas de saúde do feto.

En 1985 promulgouse a primeira Lei sobre os dereitos reprodutivos da muller (LO 9/85) que despenalizou parcialmente o aborto e supuxo un gran debate social xa que autorizaba o aborto inducido en tres supostos:

- O terapéutico, relativo á saúde da nai.
- O criminolóxico, en caso de violación.
- O euxenésico que se refire a problemas de desenvolvemento do feto.

No ano 1995, o goberno do PSOE tratou de introducir un novo suposto: a interrupción voluntaria no prazo de doce semanas cando supoña un conflito persoal, familiar ou social para a muller mais, finalmente, non foi aprobado no Senado.

### **A reforma da Lei do aborto de 2010**

A Lei orgánica 2/2010 permitiu ás mulleres interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas sen a concorrencia dun suposto de risco para a saúde da embarazada ou do feto, ou ben a violación da primeira. Esta lei só esixía que as mulleres fosen informadas “sobre os dereitos, prestacións e axudas públicas de apoio á maternidade” e que transcorrese un prazo de tres días desde a información até a realización da intervención. No caso de “grave risco para a vida ou a saúde da embarazada” segue sendo necesario o ditame dun médico distinto do que practica o aborto. No suposto de “riscos de graves anomalías no feto” ou no de “anomalías fetais incompatíbeis coa vida” é necesario un informe de dúas especialistas. Se no suposto refire a unha “enfermidade extremadamente grave e incurable” ten que ser confirmada por un Comité Clínico.

A LO 2/2010 establecía que a decisión do aborto corresponde á muller a partir dos 16 anos e só obrigaba a informar do seu propósito a un dos representantes legais, excepto nos casos en que esta situación puidese provocar “un conflito grave” ou perigo de “violencia intrafamiliar, ameazas, coaccións, malos tratos” ou se producise unha “situación de desarraigo ou desamparo”, algo que foi modificado na Lei de 2015.

O aborto “fóra dos casos permitidos nesta lei” está incluído dentro do Código penal, nos artigos 145 e 145 bis.

### **O intento de reforma do ministro Gallardón**

Fronte á formulación da LO 2/2010 que tiña un sistema de lei de prazos, o proxecto de reforma da lei Gallardón baseábase nunha lei de supostos. O propio Partido Popular incluía no seu programa electoral para as eleccións do 20N de 2011 a modificación desta norma para “reforzar a protección do

dereito á vida” aínda sen especificar como. O proxecto da reforma Gallardón partía da lei do 85 segundo a cal os dereitos das mulleres non poden prevalecer sobre os da persoa non-nada. Un dos puntos máis discutidos, que acabou por se impoñer, era a necesidade do concurso do consentimento paterno para a interrupción do embarazo para as menores de entre 16 e 18 anos, aínda que se puidesen acoller a algún dos supostos previstos pola lei como son a agresión sexual, as malformacións do feto ou o risco grave de saúde física da muller.

O anteproxecto de lei, que acabou sendo retirado polo PP e custou a dimisión de Gallardón, eliminaba o “aborto libre” nun prazo de 14 semanas e limitaba os supostos para abortar a dous:

- Violación dentro das 12 primeiras semanas.
- Risco para a saúde psíquica e física da nai nas 22 primeiras.

Eliminaba o suposto da lei do 85 de malformación do feto e establecía que só estaría permitido neste caso se había unha “anomalía fetal incompatíbel coa vida” que ademais causase un dano psicolóxico á nai.

# O movemento feminista na conquista pola Lei do aborto no Estado español despois do franquismo

No contexto dunha nova reformulación política na estrutura do Estado español e da celeridade de garantir un estado democrático moitos grupos feministas que se formaran nos anos 70 alcanzaron a comezos dos 80 maior visibilidade para o discurso da legalización do aborto. Foi así que en 1981 a Coordinadora Estatal de Organizacións Feministas do Estado español (CEOFEE) organizou as Xornadas Estatais polo dereito ao aborto. Alí debateuse sobre a práctica do aborto desde unha perspectiva máis feminista, relacionando a cuestión do aborto co modelo sexual dominante, a reivindicación dos propios corpos e o dereito das mulleres a decidir. Destas xornadas o movemento feminista xuntou forzas para centralas nas reclamación da legalización da interrupción do embarazo e a práctica de abortos e a denuncia da ilegalidade e clandestinidade.

Neses anos tiveron lugar acontecementos que axudaron a colocar a cuestión do aborto como parte da axenda política, acontecementos que axudaron a situar a crítica nos malestares e a violencia sobre as mulleres e persoas profesionais da saúde que eran perseguidas. Un caso fundamental para que se puxese o foco neste tema foi o das 11 de Bilbo.

No ano 1979 abriuse en Bilbo, un proceso xudicial que encausaba 11 mulleres por teren abortado, solicitando penas para elas de entre seis meses e sesenta anos. Por iniciativa da Asemblea de Mulleres de Biscaia as feministas do Estado español comezan unha campaña para a amnistía das 11 de Bilbao.

Houbo mobilizacións pedindo xustiza para as procesadas e demandando aborto legal e libre.

O 26 de outubro, perante a Audiencia de Bilbao, manifestáronse tres mil persoas. As mobilizacións foron impulsadas pola Coordinadora Feminista Estatal que recollera máis de mil sinaturas de mulleres e homes famosos que afirmaban ter abortado ou ter colaborado na realización de abortos clandestinos.

En xuño de 1981 houbo unha nova vista do xuízo de Bilbo, que se volveu suspender pola ausencia de dúas procesadas. O xuízo acabou tendo lugar en 1982, o que mobilizou de novo mulleres por todo o Estado reclamando o dereito ao aborto. Finalmente, a Audiencia Provincial emitiu o seu veredicto. A sentenza valoraba que as penosas situacións baixo as que estas mulleres interromperan os seus embarazos, serían atenuantes, xa que se recorrera ao aborto por situación de extrema necesidade. Sentouse con isto un precedente legal para a defensa dos dereitos das mulleres.



Manifestación de apoio ás 11 de Bilbao

No 1983, as 11 de Bilbo foron indultadas. Aquelas mobilizacións puxeron o aborto no centro do debate público e instaron ao goberno de Felipe González a elaborar a primeira Lei do aborto en “democracia” que finalmente sería aprobada en 1985.

A raíz disto desenvolvéronse moitas actividades por todo o territorio do Estado: manifestacións, peches en concellos e xulgados, mocións, edición de voandeiras polo aborto, xornadas, mesas redondas e unha iniciativa que puxo o foco mediático cando máis de 1.300 mulleres políticas, cantantes, artistas ou xornalistas declararon coa súa sinatura publicamente “Eu tamén abortei” e sinaturas de homes que acompañaron esa reclama asinando que eles tamén axudaran a mulleres a abortar.

No ano 1980 a policía detén as e os traballadores do Centro de Planificación Familiar Los Naranjos de Sevilla, acusadas de practicaren abortos. Recolléronse 1.500 autoinculpacións de ter abortado no Centro e son entregadas nos xulgados de Sevilla. Recóllense 28.000 sinaturas que solicitan a legalización do aborto. En novembro de 1986 condénanas a 1 ano de cadea e 6 de inhabilitación. Finalmente as persoas implicadas foron indultadas no ano 1994.

No ano 1981 realizáronse en Sevilla as Xornadas Feministas Internacionais pola legalización do aborto e en apoio das e dos procesados de Los Naranjos. En decembro dese mesmo ano, as Xornadas Estatais polo dereito ao aborto, organizadas pola Coordinadora Estatal de Organizacións Feministas tiveron lugar en Madrid. Nestas Xornadas afondouse no discurso feminista sobre o aborto. A crítica ao modelo dominante, a reivindicación do propio corpo e o dereito a decidir estruturaban as reclamacións feministas. Estabeleceuse como horizonte estratéxico a legalización do aborto e as prácticas de abortos dentro do movemento como forma de presión e denuncia fronte á ilegalidade.

No ano 1982 a Coordinadora Estatal de Organizacións Feministas fixo un proxecto de Lei de aborto. Houbo tamén mobilizacións por todo o Estado. No ano 1983 faise público o proxecto de Lei do aborto do goberno de Felipe González. Alianza Popular presenta un recurso de inconstitucionalidade acolléndose ao “todos teñen dereito á vida” da Constitución. O 11 de abril de 1975 o Tribunal Constitucional dita sentenza e en xullo de 1985 entra en vigor a lei.

Gran parte do movemento feminista da altura rexeita o proxecto do goberno por ser limitado, ao manter a súa consideración penal exceptuando tres supostos e non garantindo a realización dos abortos na sanidade pública.

En 1983 tivo lugar a marcha de mulleres á Moncloa, onde se enunciaron proclamas como “nós parimos, nós decidimos”, “somos mulleres, non incubadoras”, “por un aborto libre e gratuíto” ou “non é este o cambio que queremos”. Nesta marcha de fachos deuse lectura a un manifesto que se centraba en tres puntos: o recoñecemento do dereito ao aborto libre e gratuíto na sanidade pública, centros de información sexual e anticonceptivos seguros e amplas campañas de divulgación elaboradas por mulleres que fixesen a información accesíbel.



Concentracións de solidariedade a inicios dos anos 80

No ano 1985 a comisión proaborto de Madrid organiza unha marcha de fachos en protesta polas detencións de mulleres e profesionais sanitarias. Hai mobilizacións nas que se reclama o aborto libre e gratuíto. En maio do mesmo ano, desenvólvense simultaneamente por todo o Estado español manifestacións convocadas por organizacións feministas e co apoio de moitos colectivos sociais, profesionais e políticos. No mesmo ano, realízanse as Xornadas Feministas Estatais organizadas pola CEOFEE. Nas propias xornadas, en

Barcelona, practícanse dous abortos “ilegais” que se fan públicos e que teñen un forte impacto na prensa, onde se reivindica o aborto libre e gratuito. En 1986 a campaña “Estamos facendo abortos” organizada pola COFEE faise pública e en conferencias simultáneas en diferentes cidades practícanse abortos por parte de agrupacións feministas, como forma de denuncia da situación e dos límites da lei.

En decembro de 1986 ten lugar en Madrid o Tribunal contra as agresións do dereito ao aborto, organizada pola CEOFEE coa participación de máis de tres mil mulleres. Publícanse testemuñas, conclusións e o veredicto do Tribunal.

Desde o ano 1981 até o 1990 prodúcense unha cadea de detencións, xuízos e condenas a mulleres e profesionais sanitarias que practican abortos, nalgúns casos chegaron a entrar na cadea. Os grupos feministas de cada cidade encabezaron campañas contra os xuíces e por unha lei do aborto libre e gratuito que contaban co apoio activo do resto do movemento feminista.



# O movemento feminista polo aborto na Galiza

Paralelamente, no noso País, tamén se estaba desenvolvendo o movemento abortista. Xurdiron novas organizacións, que ían acadando visibilidade nas rúas e socializábanse cada vez máis as demandas de legalización e gratuidade do aborto e dos métodos anticonceptivos.

Recuperamos o Programa da AGM<sup>1</sup> do ano 1976 no que, entre outras demandas, están recollidas as reclamacións do aborto:



1 Programa da Asociación Galega da Muller. (1976)  
[http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_AGM\\_programa\\_1976.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_AGM_programa_1976.pdf)



## sexualidade

Deica hoxe a ideoloxía patriarcal dominante es forzóuse en negar a existencia dunha sexualidade feminina propia, e fixo da sexualidade patrimonio exclusivo dos homes. Así pois a nosa sexualidade está concebida en función dos homes para a súa satisfacción, convertíndonos en meros obxectos pasivos e receptivos, sen dereito ao placer. En consecuencia a única manifestación sexual permitida á muller é a que ten por obxecto a reprodución, identificando sexualidade e reprodución, e condenando na muller toda actividade sexual que non teña este único fin.

Consecuentemente, xurde o criterio de dobre moralidade, isto é a valoración distinta que ante o mesmo feito faise segundo o sexo; así actividades sexuais que no home son signos de virilidade, na muller son signos de depravación.

Pensamos que esta concepción da sexualidade é falsa e acientífica, que o único que pretende é manternos nunha situación de dependencia e inferioridade e utilizarnos segundo os intereses demográficos das clases dominantes.



A reprodución é soio un aspecto da sexualidade pero esta ten que ir encamiñada en primeiro termo á búsqueda do placer que contribúa ao equilibrio físico e psicolóxico dos individuos.

Polo tanto esiximos o dereito elemental a ser nós as únicas donas do noso corpo. A nosa sexualidade pertécenos e reivindicamos o dereito a expresala sen regras nen leis.

Sabemos que unha sexualidade libre e igualitaria soio será posibel nun marco onde os individuos sexan libres e iguais.

HOXE consideramos como reivindicación inmediatas e mínimas as seguintes:

- Legalización e liberdade de uso dos anticonceptivos, gratuitos a cargo da Seguridade Social.
- Educación e información sexual científica para tódolos cidadanos.



- Información sexual científica e obxetiva dos métodos anticonceptivos, para que tódalas mulleres podan elixir libre e responsabilmente a súa maternidade.

- Revisións periódicas e medicina preventiva a cargo da S.S. para tódalas mulleres que a soliciten.
- Creación de centros de investigación sexolóxica financiados polo Estado.
- Investigación sobre novos métodos anticonceptivos, incluídos os masculinos. Negámonos a ser coellos de indias onde se experimenten métodos anticonceptivos sen as necesarias garantías.
- Declaramonos estar contra das planificacións estatais de control da natalidade, porque atentan contra da liberdade da muller de decidir libremente a súa maternidade (exemplos: esterilizacións masivas na India, Latinoamérica... premios de natalidade en España, Rusia...)



### ABORTO

Actualmente prodúcese no Estado español máis de 300.000 abortos clandestinos que, polo feito de seren realizados en pésimas condicións de hixiene e sanitarias, poñen en perigo a integridade física e mental das mulleres que aborten . Pensamos que hoxe o meio adecuado de rematar con esta situación é a súa legalización, así como = que sexa gratuito e a cargo da S.S., aínda que considerámolo como o derradeiro recurso ao que debe acudir unha muller para controlar o número de fillos que desexa ter, e como recoñecemento do dereito das mulleres ao noso corpo.

En última instancia o que pretendemos conseguir é a eliminación de tódalas condicións sociais e psicolóxicas que obrigan a muller ao aborto .

---

Xa que somos partidarias dunha sexualidade libremente elexida, dunha sexualidade que non esté en función da "productividade", senón do placer, e considerando que a sexualidade é patrimonio exclusivo do individuo e polo tanto lexíti



ma calquera expresión desta sempre que non atente contra a liberdade das persoas, exiximos hoxe a despenalización da homosexualidade e o seu recoñecemento, pois a condena actual que pesa sobre dela está somente en función da "productividade" da sexualidade.

### PROSTITUCIÓN

A prostitución existe como, consecuencia das estruturas políticas, económicas e familiares. É unha lacra inherente á nosa sociedade, implantada e protexida pola ideoloxía burguesa e patriarcal imperante, que por unha banda ensalza a virxindade e a castidade e pola outra explota e denigra á prostituta, dividindo ás mulleres en dous grupos: as que serven para a procreación e as que serven para dar placer.

Por suposto que nós estamos contra da existencia da prostitución posto que é a forma mais sangrante de explotación da muller, pero sendo conscientes de que é un feito existente, e de que a responsabilidade de que exista non é precisamente

No ano 1977, tamén a Asociación Galega da Muller seguiu co seu labor de difusión de información sobre sexualidade e anticonceptivos<sup>2</sup>, neste ano recuperaron un documento das ANCHE (organización feminista catalá) para traducilo e distribuílo na Galiza.

A década dos 70 foi unha década moi prolífica<sup>3</sup> para a AGM. Elaboraron varios documentos sobre feminismo, aborto e sexualidade, que podemos consultar para ver as reclamacións na altura e, en moitos casos, culminaban a campaña de información con mobilizacións por toda a Galiza.

A partir de 1979, co proceso xudicial contra as 11 de Bilbo as reclamacións tomarán maior visibilidade. Non só estaban encadradas no aborto, senón tamén na sexualidade e na autonomía dos corpos. É no propio ano 1979, cando 100 mulleres fixeron un peche no Concello de Compostela en solidariedade coas procesadas en Bilbo.<sup>4</sup>

Tamén no ano 1979, nas II Xornadas Estatais da Muller que decorreron en Granada os días sete, oito e nove de decembro garantiuse a presenza das mulleres galegas, onde deron algunhas das palestras. As actas<sup>5</sup> daquelas xornadas demostran o avanzado que ía nalgúns puntos os debates do movemento feminista fronte á lexislación que había no Estado español naquela altura, vendo reclamacións que continúan vixentes a día de hoxe e das que bebemos directamente desde os anos 70.

---

2 Anticonceptivos, AGM (1977). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_AGM\\_anticonceptivos.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_AGM_anticonceptivos.pdf)

3 A liberdade de ser nai pasa pola liberdade de non selo. [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_AGM\\_MDM\\_alibertadedesernai\\_1978.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_AGM_MDM_alibertadedesernai_1978.pdf)

4 Transcrición literal realizada a partir do texto orixinal do manifesto pola Comisión de Igualdade do CCG. [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_comunicado\\_bilbo\\_1978.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_comunicado_bilbo_1978.pdf)

5 Actas das II Xornadas Estatais da muller en que tamén tiveron presenza relatorios sobre o aborto (Granada, 7, 8 e 9 de decembro de 1979) Fonte: Centro de DocumentaciónMaite Albiz [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_COOFEE\\_jornadas\\_1979.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_COOFEE_jornadas_1979.pdf)

Gustaríamos tamén de facer mención ao documento tirado pola AGM no 1979 baixo o nome “Anticonceptivos pra non abortar, aborto libre pra non morrer”<sup>6</sup> en que se fai especial fincapé nos métodos anticonceptivos e tipos de aborto que había na altura. Non foi para nós unha sorpresa descubrir que son practicamente os mesmos que a día de hoxe. Énchenos de orgullo saber a especificidade con que se trataba o tema do aborto, as imaxes, as explicacións científicas e as definicións precisas e concretas dos métodos. A dificultade da época para socializar as prácticas abortivas e anticonceptivas fronte a esta era da dixitalización, en que moitas mulleres seguimos sen ser conscientes (non de todo, polo menos) de como funcionan os anticonceptivos, os procedementos abortivos, etc. É por isto que pensamos que segue sendo centro das nosas reclamacións, 50 anos despois, a información sobre saúde sexual e anticonceptivos.

A década dos 70, culmina no ano 80 con dúas publicacións chave da Asociación Galega da Muller, a publicación do Dossier do Aborto<sup>7</sup>, onde se aglutinaban todas as ideas chave desta década, os debates, os diminutos avances a nivel lexislativo e as reclamacións que mantiñan en pé o proxecto do movemento feminista. Tamén neste ano saíu unha voandeira da AGM<sup>8</sup> polo día Internacional da Muller Traballadora, o 8 de marzo, onde, alén das reclamacións laborais para as mulleres e do divorcio, tamén estaba sinalada a cuestión do aborto.

A partir dos anos 80 intensifícase a actividade feminista tamén na Galiza, coa aprobación da Lei orgánica 9/1985 da despenalización do aborto en supostos incrementase o descontento xeral, pola insuficiencia lexislativa e comeza unha campaña para solicitar a reforma da lei e ampliación de materiais sobre sexualidade, abortos e anticonceptivos.

---

6 Anticonceptivos pra non abortar, aborto libre pra non morrer. AGM (1979). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_CFG\\_anticonceptivospranonabortar.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_CFG_anticonceptivospranonabortar.pdf)

7 Dossier do aborto. AGM (1980). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_AGM\\_dosieraborto\\_1980.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_AGM_dosieraborto_1980.pdf)

8 8 de marzo, 1980. AGM. (1980). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_AGM\\_8M\\_1980.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_AGM_8M_1980.pdf)

Na voandeira do 8M do 1981<sup>9</sup>, entre todas as reclamacións que atopamos en referencia ao propio Día Internacional da Muller Traballadora, atopamos reclamacións de absolución para as procesadas de Sevilla (mencionadas arriba). Esta mobilización foi apoiada por diferentes colectivos sociais da Galiza e sindicatos. Foi no propio decembro dese ano, en que a AGM xunto coa comisión da muller da AN-PG<sup>10</sup>, onde se sacou unha posición pública fronte os xuízos en Ourense por prácticas abortivas, tamén se publicou un comunicado<sup>11</sup> con máis asinantes polos xuízos de Ourense. Paralelamente ía medrando a reclamación das prácticas abortivas seguras, nomeadamente o método Karman (procedemento abortivo por aspiración) con mobilizacións para presionar a legalidade vixente e con recollida de sinaturas.

O 8 de marzo de 1982, despois de todo o acontecido cos xuízos de Ourense, acrecentáranse as denuncias a homes e mulleres por teren ido abortar a Portugal. Este ano tamén se anunciaba de volta o xuízo contra as 11 de Bilbao e o Movemento Feminista reaccionaba contundentemente pedindo a desestimación das causas e o aborto libre para todas as mulleres. Previamente, o movemento feminista tiña xa analizado que a maior parte dos xuízos e casos que estaban na palestra afectaban a mulleres en condicións de pobreza, e incidíase en que a capacidade da “Xustiza” de coñecer estes casos e non os das mulleres burguesas recaía na capacidade destas últimas (e das súas familias) para ocultar as pegadas dos seus desprazamentos (que tampouco adoitaban ser a Portugal, eran ao Reino Unido).

A absolución das mulleres de Bilbo marcou un acontecemento insólito que se deu por coñecer como “A batalla gañada á xustiza machista e reaccionaria”, un novo precedente legal na loita do movemento abortista. Esta vitoria do movemento feminista marcou un fito que contribuíu á exposición (aínda maior) da cuestión do aborto no panorama político e público do Estado, e

---

9 8 de marzo, 1981. AGM. (1981) [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_VVOO\\_8M\\_1981.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_VVOO_8M_1981.pdf)

10 COMUNICADO DE REPULSA POLOS XUIZOS REALIZADOS EN OURENSE POR PRESUNTAS PRACTICAS ABORTIVAS. (1981). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_AGM\\_ANPG\\_abortoourense\\_1981.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_AGM_ANPG_abortoourense_1981.pdf)

11 Comunicado asinado. (1981). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_VVOO\\_abortoourense\\_1981.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_VVOO_abortoourense_1981.pdf)

tamén da Galiza. Marcou a diferenza para poder ampliar as demandas do movemento feminista e para combater con moita máis forza polo dereito ao aborto de todas.

Co movemento feminista en auge, entendendo este auge no seu contexto histórico, desenvolvéronse por primeira vez na Galiza os Primeiros Encontros Feministas Galegos sobre o Aborto, unhas xornadas que decorrerían os días catro, cinco e seis de xuño do 1982 na Coruña. Foron convocados pola Coordinadora Feminista de Galicia e apoiados por varias asembleas de mulleres.

Desde o comezo dos movementos polo aborto, as mulleres que facían parte deles eran unha peza fundamental para a axuda a mulleres que querían interromper o seu embarazo. Moitas das mulleres tiñan enderezos aos que podían acudir para realizar prácticas de interrupción voluntaria do embarazo e moitas tamén eran quen de realizar estas prácticas. Neste contexto, no ano 1983, a AGM de Compostela<sup>12</sup> informou de que desde xaneiro todos os luns estarían na Facultade de Medicina de Compostela dando axuda a quen a requirir.

En 1983, coa xa posta en marcha da lei de Felipe González sobre a despenalización do aborto por supostos, a AGM presentou en moitos concellos<sup>13</sup> (co apoio de organizacións galegas) unha moción para ampliar as demandas e excluír parte das propostas do documento legislativo, así mesmo esixíanse centros municipais onde poder solicitar e recibir información sobre anticonceptivos, abortos, a amnistía para todas as procesadas por prácticas abortivas e unha lei de aborto libre, seguro e gratuíto no sistema sanitario público.

No 8 de marzo deste mesmo ano, seguiuise na mesma liña reclamando un aborto libre e gratuíto na seguridade social, que culminou cunha manifestación o día 6 de marzo en Compostela para reclamar dereitos para as mulleres traballadoras galegas e onde se deu unha gran resposta contra os comités pro-vida que estaban a dificultar (aínda a máis) a xa de por si precaria proposta de lei de Felipe González.

---

12 Voandeira da AGM de Compostela. AGM Compostela. (1983) [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_ig\\_AGM\\_infomencinha.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_ig_AGM_infomencinha.pdf)

13 Moción concellos. AGM. (1983). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_AGM\\_mocionconcellos\\_1983.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_AGM_mocionconcellos_1983.pdf)

No marco desta salvaxe discusión entre as feministas que reclamaban un aborto libre, a proposta de lexislación que concedía o aborto con base nunha lei de supostos (bastante restritiva) e a posición pro-vida, o movemento feminista galego comezou un labor de socialización do propio argumentario para intentar trasladar a toda a poboación a urxente necesidade do dereito ao aborto. É neste contexto en que se elaboran documentos en que as mulleres esclarecen que a vontade de ter o dereito ao aborto non é para abortar (directamente), senón que é para ter a capacidade de decidir sobre os seus corpos e as súas maternidades.

Foi neste contexto onde se convocou unha xornada para o día 26 de maio do 1983, apoiada pola MNG e por diferentes axentes galegos, para a reclamación do aborto libre a crítica á proposta do PSOE e ás actitudes reaccionarias tanto da dereita española, como do OPUS DEI. Foi nesta voandeira onde se empregou o verde, por vez primeira (documentada) para o movemento a favor do dereito ao aborto na Galiza.<sup>14</sup>

É tamén no ano 1983 cando terían lugar as eleccións municipais na Galiza. Co contexto anteriormente explicado, o movemento feminista facía reclamacións ás candidaturas dos seus concellos, na liña das anteriores. Moitos dos partidos que se presentaban facían parte do actual Congreso, e presentábenselle programas de organizacións feministas en que se recollía a creación de casas da muller, a lexislación polo aborto libre, centros de información municipais... As mulleres, durante este período electoral, mostraron o seu descontento en particular co PSOE mais tamén no xeral, coa maior parte das forzas de esquerda.

É tamén en 1983, cando nace da man da AMG a Revista *Andaina. Revista do Movemento Feminista - Galicia*, onde se recolle no seu primeiro número, publicado en marzo, o dossier sobre o aborto<sup>15</sup>. Un ano despois, no seu cuarto número, recolle a situación do aborto en Francia e os avances do movemento feminista e da lexislación nese estado. Cómpre destacar a impor-

---

14 A muller decide. Varios axentes galegos. (1983). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_AGM\\_GMU\\_dereitoaborto\\_1983.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_AGM_GMU_dereitoaborto_1983.pdf)

15 *Andaina*. Revista do Movemento Feminista - Galicia (marzo de 1983). [http://culturagalega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_andaina\\_I\\_01\\_07.pdf](http://culturagalega.gal/album/docs/CCG_CI_andaina_I_01_07.pdf)

tancia da revista *Andaina*, xa que fixo de voz para o movemento feminista galego naquela altura, como elemento socializador da información. Durante a década dos 80 houbo varias publicacións nesta revista arredor da cuestión do aborto, tanto no caso galego como no Estado español, así como a republicación do dossier modificado.

En 1985 cúmplíanse 10 anos do nacemento do movemento feminista polo aborto no Estado español, cuxa celebración recaeu nunhas xornadas que decorreron en decembro dese ano en Barcelona. Foi neste ano que o Movemento Feminista Galego creou un cuestionario<sup>16</sup> onde se analizaría pormenorizadamente a situación do aborto após a Lei de 1985, analizando que moi poucos dos abortos que se levaran a cabo estaban encaixados nesa lei, o que afectaba gravemente á seguranza das mulleres á hora de abortar, xa que no Estado español máis do 95% dos abortos non estaban recollidos na lexislación e tiñan que ser clandestinos.



**ACUDE A MANIFESTACION A FAVOR DO ABORTO LIBRE E GRATUITO**

**DOMINGO 15 AS 12 NA ALAMEDA DE SANTIAGO**

**CONVOCA:** COORDINADORA DE ORGANIZATIONS FEMINISTAS GALEGAS

**APOIAN:** SECRETARIA DA MULLER DE CCOO  
CCOO (Comisións Obreiras)  
SGTE (Sindicato Galego de Traballadores do Ensino)  
CGS (Consello Galego da Saúde)  
CXTG (Confederación Xeral de Traballadores Galegos)  
LCR (Liga Comunista Revolucionaria)  
MCG (Movimiento Comunista de Galiza)  
PCG (Partido Comunista de Galicia)  
PSG-EG (Partido Socialista de Galicia - Esquerda Galega)  
PST (Partido Socialista dos Traballadores)

**¡AS MULLERES DECIDIMOS!**

**Cartaz manifestación en defensa ao dereito ao aborto (1985)**

<sup>16</sup> Cuestionario en que nos inspiramos no 2021 para a creación do documento da Marcha Mundial das Mulleres sobre aborto e saúde sexual.

Foi nesta liña de reclamación dun dereito ao aborto universal en que proseguiu a loita do movemento feminista nos vindeiros anos, tanto a AMG, como os diferentes colectivos feministas que foron aparecendo no país. En 1986 houbo unha manifestación polo dereito ao aborto en Compostela, que foi apoiada por diversos axentes dos movementos sociais e políticos na Galiza. Neste mesmo ano, en outubro, *Andaina* tirou un novo número cun *Especial Aborto*.

Esta década estivo moi marcada polas reclamacións constantes tanto do movemento feminista galego, como en xeral no Estado. A situación coa lei do ano 1985 foi insuficiente para as mulleres que levaban xa máis de 10 anos loitando por un dereito fundamental para as súas vidas. Foi unha década marcada tamén pola persecución xudicial dos abortos non encadrados na lexislación que cada vez obtiñan maior resposta tanto do movemento feminista como das clases populares galegas.

Foi nestas condicións que a comezos do ano 1990, as feministas galegas fixeron unha iniciativa lexislativa polo dereito ao aborto, en que se recollía en 10 artigos unha lei que partía da base de que a maternidade ten que ser desexada e consentida. A partir de aquí desenvolvía o aborto como un dereito fundamental das mulleres, garantido na seguridade social, cun prazo breve de intervención desde a súa solicitude (7 días) e que garantise a seguridade das mulleres e a súa intimidade. Alén dos 10 artigos a iniciativa lexislativa tiña tamén dúas disposicións adicionais que derogaban todos os artigos do Código penal que fosen contrarios a esta.

O 8M de 1990 foi un ano de moitas reclamacións en que, a posteriori, as propias feministas solicitaron a María Pilar García Negro, deputada do BNG, que levase a súa proposta de lei ao Parlamento galego. O texto foi defendido pola propia deputada e debatida no Parlamento galego o 2 de maio dese ano.

Esta última década tivo menor actividade que as anteriores mais, aínda así, mantivéronse as fortes críticas á lei de 1985 e comezaban as reclamacións pola pílula abortiva, que a priori podería facer de “trampa” ante a lei de supostos e garantir máis abortos seguros no Estado e na Galiza.



# O camiño cara á Lei orgánica 2/2010

A partir de 2001 e aínda cunha lei de supostos no Estado, o PSOE prometera xa en varias lexislaturas reformar e/ou reformular esta lei. Fixeron un pequeno intento no ano 1995 para modificar a lei de supostos pola lei de prazos mais non foron quen de sacar adiante o proxecto. Aínda que é certo que o dereito ao aborto estaba recollido no programa do PSOE, o propio partido desde o goberno non era quen de sacar adiante nin os mínimos do seu programa. Por tanto, pasaron anos en que simplemente o goberno do PSOE facía ouvidos xordos á práctica de abortos en clínicas privadas.

Para o movemento feminista seguía sendo un problema a lei mais agora, a posibilidade de abortar en clínicas privadas era real e medianamente efectiva, así que aínda sen esquecer a loita, foi mingando e paliada polo propio funcionar do Estado. Contra finais da primeira década dos 2000, comezou a falarse da elaboración dun novo proxecto de Lei, que regularía a interrupción voluntaria do embarazo e que reactivou de volta o movemento polo dereito ao aborto.

Foi nestas coordinadas en que os diferentes colectivos e organizacións da Galiza traballaron durante os anos 2008 e 2009 en campañas sobre a concienciación do dereito ao aborto, as esixencias mínimas e urxentes para todas as mulleres e as ferramentas que habería desde o noso propio país para garantir o cumprimento da proposta de Lei do PSOE.

Nestes anos en que xa se coñecía a proposta de lei desde o Goberno, houbo unha contundente resposta feminista que solicitaba unha lei sen recortes e que organizou varias mobilizacións coñecidas como as “marchas polo aborto” que decorreron en moitos puntos do Estado e tamén que aglutinaron milleiros de mulleres en Madrid.

A urxencia e a contundencia nas respostas do movemento feminista naquela altura, respondía tamén á reacción da dereita e ultradereita española (visibilizada por Aznar e Cospedal naquel momento) contra a reforma da Lei do aborto. O feminismo organizado, a pesar das críticas ou ausencias que podería ver (e que viu) na proposta de Lei do PSOE, vía un inimigo moito maior que se estaba organizando para tirar un dereito que estabamos a piques de conseguir, 40 anos de loita despois.

# A Marcha Mundial das Mulleres e a cuestión do aborto

Desde a fundación da Marcha Mundial das Mulleres tanto a nivel global como a nivel galego, o aborto foi unha cuestión chave para a creación deste movemento feminista de carácter mundial, que recolleu o dereito universal ao aborto libre, seguro e gratuíto como principio na súa táboa reivindicativa do ano 2000.<sup>17</sup>

En maio do ano 2009 a Marcha Mundial das Mulleres comezou a súa campaña por toda Galiza baixo o lema “Maio reivindicativo. En defensa do dereito ao aborto na sanidade pública” que reclamaba así:

*“A Marcha Mundial das Mulleres na Galiza solicita o seu apoio na campaña ‘En defensa do dereito ao aborto, na Sanidade Pública! baseada nas seguintes reivindicacións:*

*Queremos:*

*Que se recoñeza o dereito fundamental das mulleres a tomar as súas propias decisións.*

*Que se garanta a soberanía das mulleres sobre o propio corpo e a propia vida.*

*Que se asegure que todo o proceso de información, asesoramento e realización da interrupción voluntaria do embarazo sexa feita na Sanidade*

---

17 Consultar anexo

*Pública, por persoal sanitario formado na perspectiva de xénero.*

*Que non exista discriminación xeográfica no acceso de todas as mulleres a este dereito nos servizos públicos.*

*Que se inclúa a educación afectivo-emocional e sexual con perspectiva de xénero no currículo escolar*

*Que os dereitos das mulleres usuarias destes servizos sexan respectados e protexidos en todo momento.*

*Durante o mes de maio desenvolveranse palestras-coloquio nas diferentes comarcas con presenza da Marcha Mundial das Mulleres, nas que se presentará a publicación 'O Dereito a Decidir: Situación actual e alternativas á despenalización do aborto' para propiciar o debate e reflexión social sobre a necesidade dunha lei de aborto que termine coa penalización e criminalización das mulleres."*

Esta campaña culminou coa mobilización o día 31 de maio do 2009 en Compostela, que reuniría numerosas mulleres nun maior reivindicativo na praza da Quintana polo dereito ao aborto. Esta campaña foi documentada na revista Andaina<sup>18</sup>.

En decembro dese mesmo ano, no 2009, a Marcha Mundial das Mulleres animou a asistir desde Galiza ás marchas organizadas polo dereito ao aborto, nunha xornada histórica en que todo o movemento feminista do Estado se xuntou para reclamar un dereito ao aborto libre, seguro e grauíto.

No ano 2010, meses despois da aprobación da LO 2/2010, en xuño do mesmo ano, a iniciativa do Partido Popular, debateuse no Parlamento Galego unha proposta de lei para a creación de redes de apoio ás mulleres embarazadas, amparada na Redmadre, para a limitación do dereito ao aborto. O movemento feminista reaccionou contundentemente ante este intento de retroceder no dereito ao aborto na Galiza, convocando mobilizacións e denunciando o

---

18 Dossier Aborto. Revista Andaina. (2009). [http://culturagallega.gal/album/docs/CCG\\_CI\\_andaina\\_II\\_52\\_19.pdf](http://culturagallega.gal/album/docs/CCG_CI_andaina_II_52_19.pdf)

desmantelamento “consciente” (fronte a argumentos de precariedade) dos organismos existentes de información e formación sexual.

En 2012, despois de varios intentos de propostas de lexislación enmarcados no concepto de “leis de familia”, comezou a proposta de reforma da LO 2/2010 do Partido Popular, en que se suprimían varios dos artigos da lei do aborto, o que representou un retroceso na lexislación que tantos anos de loita lle custara ao movemento feminista. O 28 de setembro dese ano o movemento feminista chamou á mobilización para mostrar forza ante o posíbel retroceso en materia do aborto.

Nace neste mesmo ano, e como reacción á ameaza dos nosos dereitos, a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto, apoiada por moitos colectivos do país. Co gallo do 8 de marzo de 2013 sacaba un comunicado de denuncia polo aborto libre e fronte á proposta Gallardón.<sup>19</sup>

É tamén en 2013, cando o Secretariado Europeo da Marcha Mundial das Mulleres alerta do retroceso en materia do aborto en todo o territorio europeo, editase o manifesto *Aborto baixo ameaza en Europa!*:

*“ En países nos que o aborto era legal e libre no pasado, agora está prohibido.*

*En países nos que o seu acceso xa estaba restrinxido, non hai vontade política de legalizalo e tamén hai tentativas de restrinxilo aínda máis.*

*Noutros países onde o seu acceso é libre, hai ameazas legais e prácticas.*

*O dereito e o acceso ao aborto, xunto coa contracepción e a educación sexual, son dereitos reprodutivos fundamentais necesarios para garantir a nosa liberdade para dispor dos nosos propios corpos e vidas. A nosa integridade corporal é un dereito humano inalienábel; a futura hipotética vida (feto) non pode estar máis valorada que a vida existente dunha muller.*

---

19 Consultar anexo

*As mulleres seguen tendo abortos, sexa ou non sexa legal. As leis restritivas que prohiben o aborto non fixeron decrecer estes números e incrementaron as desigualdades económicas coas mulleres que non poden permitirse pagar abortos ilegais ou viaxar ao estranxeiro. Os abortos clandestinos practícanse a miúdo en condicións perigosas e son un perigo para a vida e saúde das mulleres.*

### **Por que está o aborto baixo ameaza?**

*Os poderes políticos e patriarcais empregan a chamada “crise” como argumento para destruír o sistema do benestar e as estruturas sociais. A liberdade das persoas está a ser atacada, así como a solidariedade existente. Unha vez máis, a precariedade das persoas oprimidas vai incrementando. Ao tempo que os nacionalismos de dereitas seguen subindo, sufrimos cada vez máis ataques á nosa liberdade de escolla e dereitos reprodutivos. As políticas estatais de natalidade están implementándose baseándose no desexo de incrementar a poboación nacional, promovendo a domesticación das mulleres e tratándonos como incubadoras ou “as nais das nacións”.*

*Para o Estado (económica e ideoloxicamente) é útil que as mulleres fiquen na casa ou leven a tripla carga de ser traballadoras, nais e coidadoras non remuneradas. O Estado instrumentalízanos, ponos e sácanos do mercado laboral para servir as políticas estatais e ao sistema económico capitalista.*

*O Estado, os partidos de dereitas así como a Igrexa empregan argumentos nacionais (“temos que protexer a nación”), conservadores (“o aborto vai en contra dos nosos valores”) e económicos (“non podemos permitirnos abortos gratuítos”) para lexitimar a restrición para as mulleres de decidir sobre os seus corpos. O Estado, a Igrexa e outras organizacións relixiosas, os partidos de dereita únense ao sistema patriarcal para acadar un mesmo propósito: o mantemento dos privilexios do home-branco-eurocéntrico.*

***Estados: quedádevos coas vosas consciencias, mantédevos lonxe dos nosos úteros e devolvédenos a nosa saúde, a escolla libre e o acceso equitativo á lei, xa que non debe depender dos cartos que teñamos***

***nos nosos petos. Queremos aborto legal en TODA Europa. AGORA e para SEMPRE. Esta é a nosa esixencia mínima!***

### ***Chamada de solidariedade***

*Chamamos á solidariedade das mulleres e homes para fortalecer a rede feminista que xa existe en Europa e para manter o contacto cos movementos globais co fin de reforzar os dereitos das mulleres en todo o mundo. Temos que ser conscientes dos perigos e reaccionar a cada cambio na lei ou no discurso público – cada pequena restrición dos nosos dereitos, liberdades ou autonomía.*

*Solidarizámonos con todas as mulleres que, en todo mundo, loitan polo acceso ao aborto libre e gratuíto. A nosa loita non rematará ata que todas teñamos os mesmos dereitos.*

*Chamamos a cada muller de Europa preocupada polo dereito ao aborto libre e gratuíto a que se informe e defenda o seu dereito. Chamamos a todas as mulleres a seren solidarias.*

***Os nosos úteros non son campo de probas para servir ao Estado e aos intereses de dominación masculina. Non somos propiedade nin dos homes nin dos estados! ”***

O movemento feminista no 2013, estaba preparado para que saíse en calquera momento a proposta de reforma do goberno estatal, é por isto que en decembro deste ano iniciou a campaña #AlertaFeminista contrarreforma da Lei do Aborto:

*“Compañeir@s!*

*Estamos en #AlertaFeminista, o Ministro de (in)Xustiza Gallardón anunciou que presentará a contrarreforma da Lei do Aborto en poucos días, hai serias ameazas de que sexa este venres 20 de decembro.*

*Dende a Plataforma Galega en defensa do dereito ao aborto queremos transmitirvos que, o **DÍA EN QUE SE ANUNCIE A CONTRARREFORMA NO CONSELLO DE MINISTROS CONVOCAMOS CONCENTRACIÓN ás 19.00H.***

*A esa mesma hora convocaranse concentracións no resto de cidades do país e en moitas partes do estado español, e iniciaremos novas protestas ata derrubar este novo intento do Partido Popular de aplastar os nosos dereitos sexuais e reprodutivos.*

*Pedímosvos máxima difusión destas convocatorias!*

***O día que anuncien reforma do aborto o Feminismo Galego saíra ás ruas: concentracións ás 19h (Vigo: Marco; Coruña: Obelisco, Ourense: Casa do Concello, Compostela: sede do PP (Alfredo Brañas), Ferrol: Casa do Concello, Lugo: Subdelegación do Goberno, Pontevedra: Praza da Peregrina)***

Foi nesta liña de reacción que xurdiron no ano 2014 diferentes campañas como *As mulleres deciden/As mulleres decidimos*, para seguir coa reclamación dos dereitos e asinar contra o proxecto de reforma de lei do aborto, que se comezaría a poñer en marcha a mediados de ano, o movemento feminista galego organizou grandes mobilizacións o 28 de setembro dese ano para mostrar a súa repulsa á modificación da lei.

O ano 2015 tamén sería convulso para o feminismo galego cunha reforma de lei a piques de se aprobar, que finalmente acabaría por aprobarse non sen a crítica e a reacción do movemento feminista ao que, tan só 5 anos despois, lle foi reformada unha lei que se tratara na altura de insuficiente.

O que máis se mencionou da reforma, e onde máis se orientaron as críticas, foi na situación para as mulleres de 16 e 17 anos que perdían a autonomía para decidiren sobre os seus corpos, sometendo a interrupción voluntaria do embarazo ao consentimento paterno.

“Estado, Igrexa e Partido Popular aliadas para quitar dereitos ás mulleres. Hoxe o PP consume a reforma da lei do aborto que obriga as mulleres de 16 e 17 anos ao consentimento familiar para abortar. Cómpre continuar a loita para recuperar este dereito! Por todas!” 16/07/15

“O Partido Popular aproba a reforma da lei do aborto obrigando a que as mulleres de 16 e 17 anos teñan a obriga do consentimento familiar para abortar. Outro paso atrás nos dereitos sexuais e reprodutivos conquistados



Faixa en defensa do dereito ao aborto en Vigo

polos mulleres que voltamos ser infantilizadas polo machismo reaccionario. Seguimos e seguiremos en marcha ata que o aborto sexa libre e gratuíto tamén para as mulleres de 16 e 17 anos!!!”

O 28 de setembro do 2015 houbo grandes mobilizacións por toda a Galiza para reclamar aborto libre para todas. Alí afirmabamos que “O movemento feminista non desistirá ata garantir os dereitos e liberdades das mulleres. Non aceptamos ningunha inxerencia (nin do estado, nin da igrexa, nin de ningún tribunal). Nin un paso atrás”.

Seguimos esixindo e denunciando os incumprimentos das institucións públicas sobre os nosos dereitos recoñecidos e reivindicando as demandas históricas do movemento feminista en torno ao dereito ao propio corpo, educación afectiva e sexual en todos os niveis escolares, métodos anti-conceptivos gratuítos ao alcance de todas e de todos, saúde sexual pracenteira para unha vida plena e aborto libre e gratuíto garantido na rede sanitaria pública.”

No ano 2016, no camiño do 8M houbo varias actividades en relación co aborto, coa reforma que impedía abortar ás mozas de 16 e 17 anos. Ese mesmo ano, o Concello de Vigo deu o premio Viguesas Distinguidas á Redmadre, o que provocou a reacción da Plataforma Galega polo Dereito Ao Aborto que fixo o seguinte comunicado:

*“Dende a Plataforma Galega polo Dereito Aborto (PGDA) queremos manifestar o noso rexeitamento ante o feito de que neste ano 2016 o Concello de Vigo vai outorgar, a proposta do PP, á Red Madre o premio de vigueses e viguesas distinguidas.*

*Red Madre é unha organización apoiada polo ultraconservador Foro Español da Familia que atenta contra os dereitos das mulleres, e que conta ademáis co apoio da Administración pública galega, o que lle permitiu financiar con fondos públicos campañas en contra dos dereitos sexuais e reproductivos das mulleres.*

*Cando o PP asumiu a proposta da Red Madre aprobando a lei pola que establece e regula unha rede de apoio ás mulleres embarazadas en maio de 2009, o feminismo en Vigo e en toda Galiza mostramos o noso rexeitamento dun xeito contundente, porque valoramos que o obxectivo real desa norma non era o apoio ás mulleres embarazadas, senón o boicot, do PP co apoio da Igrexa Católica e os sectores máis ultramachistas, á Lei de Saúde sexual e reproductiva e a interrupción voluntario do embarazo.*

*E así o vimos máis tarde coa proposta de Gallardón ao impulsar unha contrarreforma da lexislación en materia da lei do aborto. A proposta de lei de Gallardón aglutinou na súa contra a movementos de mulleres moi diversos, e pensamos que este premio á Red Madre reabre unha polémica que xa considerabamos pechada. Nós, como feministas, defendemos o dereito a decidir libremente sobre os nosos corpos e a decidir se queremos ou non ser nais.*

*Parécenos que a concesión deste premio á Red Madre polo Concello de Vigo supón unha agresión a todas as mulleres e a toda a cidadanía, e implica un paso atrás moi importante na conquista e recoñecemento dos dereitos das mulleres na nosa cidade.”*

No ano 2017 seguimos adiante coa campaña do aborto libre desde a Marcha Mundial das Mulleres, organizando mobilizacións polo Día da Acción Global por un Aborto Legal e Seguro. Neste ano presentamos varios escritos en hospitais galegos solicitando reunións para facer cumprir os protocolos internacionais para o aborto no segundo trimestre do embarazo. Ningunha destas solicitudes foi atendida e seguía sendo unha realidade que en moitas localidades do país non podíamos interromper o embarazo sen ser derivadas fóra das nosas cidades e mesmo fóra da Galiza.

No ano 2018 comezamos unha campaña nacional pola derogación da modificación legislativa feita polo Partido Popular no ano 2015 e que obrigou as mulleres de 16 e 17 anos ao consentimento paterno/materno para abortar. Por volta do 28S volvemos convocar mobilización, e publicouse o seguinte comunicado:

*“Dende a Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres lanzamos este 28 de Setembro unha campaña nacional pola derogación da modificación legislativa feita polo PP no ano 2015 e que obriga ás mulleres de 16 e 17 anos ao consentimento paterno/materno para abortar.*

*Este 28S queremos recuperar o aborto libre, gratuíto e na seguridade social para todas logo do paso atrás dado no 2015.*

*Ademais reivindicamos que a Xunta de Galiza asuma as súas competencias e garanta:*

- Educación afectivo sexual obrigatoria no currículo escolar. Hoxe existe en primeiro da eso unha materia de libre configuración cunha hora lectiva á semana e agora unha nova materia de libre configuración para primeiro de bacharelato. O único que se cursa de xeito obrigatorio é Bioloxía e Xeoloxía en terceiro da ESO onde se explica a reprodución humana mas sen contido específico sobre dereitos sexuais e reprodutivos.*
- Programas de divulgación e información sobre dereitos sexuais e reprodutivos a través dos CIMM. Hoxe non existe ningunha liña nacional específica de traballo en relación á saúde sexual e reprodutiva das mulleres, dereitos, maternidades, anticoncepción, etc e cada centro depende do persoal que o xestiona e do goberno local de turno para*

*implementar programas nesta materia. Ademais co decreto dos CIMM incrementábase a poboación a atender polos mesmos e non se abren liñas de financiamento para novos programas/actividades.*

- *Acceso a anticonceptivos gratuítos nos Centros Quérote +. Aí onde as traballadoras dos Centros Quérote non manteñen o impulso de campañas e liñas de traballo en relación coa saúde sexual e reprodutiva, a identidade afectivo sexual e a anticoncepción estas campañas baixan a súa intensidade. Coa chegada do PP os Centros Quérote pasaron a adicarse en exclusiva á educación sexual e asumiron temas como desordes alimentarios, drogodependencias, acoso e convivio, uso responsábel das novas tecnoloxías e condución responsábel. O que minguou os tempos empregados para a educación afectivo sexual. Reclamamos que esta volte ser unha prioridade así como o acceso a anticonceptivos unha das funcións principais destes espazos.”*

No ano 2019 recuperamos e ampliamos a campaña do ano anterior. A mudanza do goberno central no Estado español non marcara unha diferenza real para a situación do aborto, senón que sumaba a unha promesa incumprida do PSOE como era a revogación da reforma do 2015. Nesta altura a cuestión do aborto volvera ter protagonismo no Estado e na Galiza pola situación que estaba a haber na Arxentina, as marchas verdes e os intentos de aprobar a legalización do aborto alá fíxonos, en parte, entender que os dereitos se perden con facilidade e que era o noso deber seguir loitando para (re)conquistar de novo moitos dos dereitos que se suprimiron no 2015.

Tamén en 2020 seguimos esta campaña. Coa forza das arxentinas coa lei aprobada finalmente no Senado, seguimos reclamando un aborto libre, seguro e na sanidade pública galega. Queremos lembrar que neste ano foi a pandemia da COVID - 19, da que, aínda a día de hoxe non temos datos suficientes para analizar como se desenvolveron as IVE durante os peches, nin como afectaron as medidas perimetrais ás mulleres que querían interromper o embarazo. Isto era o que poñía o comunicado:

*“Hai 30 anos celebrábase en Arxentina o V Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe. Tras denunciar que as complicacións polo aborto inseguro e clandestino constituían a primeira causa de mortalidade das mulleres en moitos dos países desa rexión, acordaron declarar*



# ABORTO para todas

educación  
afectivo  
sexual no  
ensino

programas  
sobre  
dereitos  
reprodutivos  
nos CLMM

acceso a  
anticonceptivos  
nos Centros  
Quérote

Derrogación da modificación  
da Lei do Aborto aprobada o  
10 de setembro de 2015 pola  
que se esixe permiso  
materno/paterno ás mulleres  
de 16 e 17 anos para abortar.

marcha mundial das mulleres



28<sup>setembro</sup>

ABORTO  
para todas



### As mozas de 16 e 17 anos

- ▶ Poden manter relacións sexuais a partir dos 13 anos
- ▶ Teñen responsabilidades penais a partir dos 14 anos
- ▶ Poden facer testamento dende os 14 anos
- ▶ Poden contraer matrimonio se están emancipadas dende os 14 anos (con dispensa xudicial)
- ▶ Poden conducir un ciclomotor dende os 15 anos
- ▶ Deciden se queren someterse a operacións cirúrxicas ou a tratamentos médicos ou farmacolóxicos agresivos dende os 16 anos
- ▶ Poden traballar dende os 16 anos
- ▶ Poden mercar fármacos (tamén a pílula poscoital) dende os 16 anos

máis PRECISAN CONSENTIMENTO  
paterno/materno se QUEREN ABORTAR!

*é o noso corpo, é a nosa decisión!*



*marcha mundial das mulleres*

*o 28 de setembro como o Día de Acción Global polo acceso ao Aborto Legal e Seguro.*

*Desde entón, moitas organizacións feministas entre as cales está a Marcha Mundial das Mulleres sumámonos á campaña de presión para esixir o dereito a decidir e lograr o dereito á interrupción voluntaria do embarazo para todas as mulleres.*

*Na Galiza levamos moitos anos denunciando que temos un sistema incapaz de garantir que as mulleres poidamos interromper o nos embarazo na sanidade pública galega, de balde, acompañadas se así o desexamos polas nosas amizades ou pola nosa familia dentro dos supostos que marca a lei, ben porque fomos derivadas a outros hospitais doutras comunidades, ben porque non se nos presta a mesma atención que nun parto, instando á administración a que cumpran cos protocolos internacionais e garantan unha atención axeitada ás mulleres.*

*E aínda que se acolleu de bo grao a iniciativa de que durante a pandemia se permitiron realizar citas telemáticas para axilizar as consultas previas ás interrupcións voluntarias do embarazo, isto só beneficiou ás mulleres que podían facelo sen ter que pasar por procedementos quirúrxicos, e non a aquelas que viron como a ralentización (ou mesmo parálise) da atención nos centros de saúde, as limitacións adoptadas durante o estado de alarma que impedían que se puideran desprazar entre provincias, supuxeron que superaran os prazos legais, e non puideran poñer fin aos embarazos non desexados de forma segura e privada.*

*Por outra banda, as restriccións aos servizos de saúde reprodutiva tamén afectaron de xeito desproporcionado ás mulleres con poucos recursos, as vítimas de violencia machista, e outros colectivos en risco como o das mulleres inmigrantes que se atopan en situación irregular.*

*Hai poucos anos o goberno do Partido Popular no estado pretendía recortar a insuficiente lexislación sobre interrupción voluntaria do embarazo desposuíndo ás mulleres da súa capacidade de decidir,*

*derrogando a chamada lei do aborto. Grazas ás mobilizacións e presións do movemento feminista non foron quen de conseguilo na súa totalidade, mais aínda así, a lei aprobada polo PP supuxo introducir a obriga de contar co consentimento das persoas proxenitoras para as menores de 18 anos.*

*Hoxe unímonos a milleiros de mulleres do mundo que hoxe mobilizámonos en centos de países para esixir EDUCACIÓN SEXUAL PARA DECIDIR, ANTICONCEPTIVOS PARA NON ABORTAR E ABORTO LEGAL PARA NON MORRER.*

*Este 28 de setembro retomamos as reclamacións históricas por un aborto libre, gratuito e que estea garantido na seguridade social para todas nós, logo da reforma do Partido Popular do 2015.*

*Esiximos tamén que a Xunta de Galiza abandone a súa pasividade e desinterese para asumir as súas competencias e garantir:*

- *unha liña de programas de formación e divulgación sobre dereitos sexuais e reprodutivos a través dos CIMM en colaboración coas entidades locais.*
- *campañas específicas de acceso a anticonceptivos e programas de educación afectivo sexual a través dos Centros Quérote +*
- *unha materia obrigatoria no Ensino con contidos específicos sobre educación afectivo-sexual, relacións, identidade e xéneros.*

*DEREITO AO ABORTO XA. ESTAMOS FARTAS DE AGARDAR.*

*ABORTO LIBRE E GRATUITO*

*FORA DO CÓDIGO PENAL, NA GALIZA E EN TODOS OS PAÍSES DO MUNDO!"*

No ano 2021, con case 12 anos de lei do aborto, decidimos facer unha análise de como era a situación da lei e a súa aplicación anos despois, creamos unhas infografía que analizaban o seguinte:

a lei permite escoller a interrupción voluntaria do embarazo e a técnica coa que esta se levará a cabo

Aborto con medicamentos ou químico: mediante fármacos ou medicamentos como o misoprostol.

Aborto cirúrxico: intervención clínica ou hospitalaria.



en 2015 o congreso das deputadas con maioría do PP retira o dereito ás mulleres de 16 e 17 anos.

en 2021 aínda non se devolveu este dereito e o movemento feminista sigue reclamando o dereito a decidir sobre os seus corpos como deciden sobre a súa saúde as mulleres de 16 e 17 anos.



12 anos despois as mulleres continuamos tuteladas e sigue existindo na norma a obriga de aguardar 3 días "de reflexión" dende que se nos informa até que se acepta a decisión que tomamos.

Unha muller debe poder comunicar a súa decisión e que nese momento se inicie o procedemento para a IVE



12 anos despois mulleres que teñen que interromper o embarazo alén das 22 semanas atópanse con dilacións indebidas, diagnósticos tardíos e circuitos médicos inadmisibles antes de que os comités clínicos aborden os seus diagnósticos.

O aborto nestas condicións é un proceso de profunda dureza para as mulleres e os atrasos só aumentan ese sufrimento.



12 anos despois na maior parte dos centros médicos que realizan abortos só se disponibiliza a técnica farmacolóxica, escollida por un 30% das mulleres, provocando desprazamentos e coartando o dereito a escoller das mulleres.



12 anos despois malia á esixencia de formación na lei, as técnicas de IVE seguen ausentes dos currículos de Medicina e Enfermería

... o que provoca déficit de formación no persoal sanitario.



**12 anos despóis da aprobación da lei mantense a obxesión de conciencia e a obxesión profesional que teñen como resultado que moitas mulleres teñan que saír fóra da Galiza para exercer o seu dereito.**



marcha mundial das mulleres

**12 anos despóis a Saúde Sexual e reproductiva segue sen ser unha materia curricular no ensino, a anticoncepción segue sen ser gratuita e non temos garantía de poder realizar unha IVE onde vivimos.**


Cóntanos a túa experiencia. Denunciemos o incumprimento da lei, garantamos o dereito real ao aborto!




marcha mundial das mulleres

Foi neste mesmo ano, con motivo do 28 de setembro, que desde a Coordinadora Nacional da Marcha Mundial das Mulleres decidiuse sacar un cuestionario sobre saúde sexual e aborto, para coñecer as sensibilidades das galegas arredor desta cuestión e ver o avance nos coñecementos case a 60 anos do inicio do movemento feminista polo aborto. Foi por iso que decidimos publicar este documento, conxuntamente coa Fundación Galiza Sempre, neste 28 de setembro de 2022 para facer un percorrido histórico desta cuestión no Estado español mais concretamente na Galiza.



O cuestionario constou de 32 preguntas sobre aborto e educación sexual. Queremos facer unha análise máis polo miúdo do seu contido, así como recoller e visibilizar relatos de compañeiras arredor desta cuestión:





Atendendo a cuestión do xénero as persoas inquiridas foron no 90% mulleres cis, o que converte a estas no suxeito obxectivo da análise final do cuestionario



A maior parte destas persoas concentráronse entre as idades de 19 a 45 anos, que suman un total de 80,5% das participacións, sendo salientábel tamén o tramo de entre 46 e 60 anos cun 14%. A maior parte das persoas que participaron teñen a súa residencia na Galiza.



**Nesta tabela tivo que ser inserido o ensino non obrigatoria porque moitas das respostas do apartado “Outro” eran ensino non obrigatoria**



Nesta tabela tivo que ser inserido o ensino non obrigatorio porque moitas das respostas do apartado “Outro” eran ensino non obrigatorio

Escollemos “unificar” o contido destas táboas, porque entendemos que son as que nos dan un contexto para comprender mellor a situación en que nos atopamos no momento de realizar a enquisa. Como datos salientábeis, vemos na primeira táboa que máis do 50% das consultadas non recibiron educación sexual de ningún tipo no ensino obrigatorio. Dentro do case 47% das respostas afirmativas, achamos varias cuestións: en primeiro lugar, as persoas que fan parte do grupo 19 - 30 e 31 - 45, a pesar das diferenzas de idade, presentan resultados semellantes tanto na calidade da información, cualificada de insuficiente, como nos niveis educativos en que foi recibida (concentrada no segundo ciclo do ensino obrigatorio). En segundo lugar, unha parte salientábel da educación sexual que recibiron as participantes da enquisa non foi no ensino obrigatorio, senón que foi, maioritariamente no Bacharelato mais tamén nos FP.



Á pregunta do contido da educación recibida (escolla múltiple)<sup>20</sup>, a maior parte das persoas obtiveron información sobre anticonceptivos (146 respostas) e enfermidades de transmisión sexual (130), seguido por moita diferenza de sexualidades e/ou prácticas sexuais (22) e autorecoñecemento dos corpos (24). A diferenza xeracional que se mencionou anteriormente, como podemos observar, non presenta unha diferenza no contido da educación sexual.

A seguinte pregunta correspondeu ás fontes onde buscaron información (tanto as persoas que recibiran, como as que non); nesta resposta tamén había escolla múltiple. A resposta máis marcada foi con 213 respostas amizades e familia, seguida por Internet e revistas de divulgación, estudos e libros. Aquí si podemos observar unha pequena fenda xeracional pola diferenza de consumo de libros e revistas físicas a pasar directamente a internet. Non se aprecia o cambio coas amizades e familia, que continúan sendo a fonte principal independentemente da xeración.

A seguinte pregunta foi: Por que decidiches recadar máis información? Esta pregunta foi aberta, é dicir, quixemos abrir a enquisa e non encaixala en varios supostos para que todas puidésemos falar desde as nosas realidades.

---

<sup>20</sup> Nesta pregunta só houbo 176 respostas, as persoas que responderan que recibiran educación sexual.



Das respostas máis habituais atopamos que a información previa non foi suficiente, que había interese e curiosidade sobre os nosos corpos, por necesidade... Queremos citar aquí algunhas das respostas que recibimos:

*“Porque era un tema case tabú na casa e na escola, a min parecíame importantísimo para o meu desenvolvemento e a miña vida adulta. Hoxe en día sigo a descoñecer moitas cousas e penso que a xuventude segue a estar desinformada.”*

*“Sentíame bastante culpable da miña desinformación e inexperiencia.”*


*“Porque a pesar de que a miña formación escolar foi moi completa, non recibín información sobre vivencias e xénero fóra do binario. ”*

*“Para resolver dúbidas, por medo a poder estar embarazada, para axudar algunha amiga.”*

*“Para coñecemento do meu corpo, doutras identidades sociais, evolución do mundo anticonceptivo, contrastar informacións contraditorias, coñecer persoas coas mesmas dúbidas e distintas ou mesmas experiencias...”*

*“Porque a info que me chegaba era demasiado ambigua, e precisaba algo que chamara as cousas polo seu nome sen tabús. Tamén info sobre as relacións afectivo-sexuais, das que na miña adolescencia non atopei nada.”*


Continuamos cunha pregunta sobre a percepción xeral que tiñan as enquisadas dos coñecementos da poboación en xeral sobre educación sexual, sexualidades e anticoncepción. A resposta foi maioritariamente negativa, é dicir, que en xeral en ningunha desas categorías o coñecemento era suficiente. A esta resposta seguía tamén a que se refire a que non de todas as categorías a poboación ten os coñecementos básicos.





A seguinte pregunta pretende dar resposta a cales son os métodos anticonceptivos máis empregados. En primeiro lugar está o preservativo, seguido pola pílula anticonceptiva. Os anticonceptivos menos empregados foron a inxección, o implante, espermicidas e esponxa.

Cabe destacar o grande número de votos que tivo o anticonceptivo de emerxencia (pílula do día despois) con 119 persoas que marcaran esta opción. Tamén cómpre destacar o uso da marcha atrás como método anticonceptivo con 115 persoas sinalándoa como opción.

## Aborto




Desde o ano 2010 regularizouse a situación do aborto no Estado, cres que a día de hoxe é unha realidade o dereito a un aborto libre, seguro e gratuíto? A esta pregunta, o 78,2% das persoas que participaron responderon que non. Queremos facer unha aclaración do obxectivo desta pregunta e tamén das respostas varias que houbo na resposta “outra”. En primeiro lugar apelamos directamente sobre a LO 2/2010 porque achabamos necesario falar desde unha lei de prazos, que aínda considerando insuficiente na altura era infinitamente mellor que a do ano 85.





Na seguinte táboa podemos ver como aproximadamente  $\frac{2}{3}$  das persoas que participaron do cuestionario coñecían os diferentes procedementos para a interrupción do embarazo. Máis dun 25% non os coñecían e o 7% restante só coñecían algúns deles.

Das 225 respostas afirmativas podemos observar que apenas hai diferenzas de porcentaxes entre os diferentes métodos, isto é, a maior parte das persoas recoñece a súa relación coa IVE. Aliás, debemos aclarar que a píldora do día despois non é un procedemento abortivo *per se*.




Así como os procedementos poden resultarnos familiares a moitas, non son así os seus efectos. Sobre o 75% das participantes non coñecen todos os efectos secundarios das prácticas de IVE.




Entre as principais causas polas que as persoas tomaron unha píldora do día despois atópase, en primeiro lugar, ruptura do condón cunha porcentaxe superior ao 50%. Nesta cuestión vemos necesario facer un matiz; entendemos que moitas das respostas que se recollen aquí teñen que ver cun mal emprego deste método anticonceptivo (mala colocación, mala conservación, danos no preservativo...) que, outras persoas mencionaron na resposta libre. A segunda porcentaxe máis alta é “Por non utilizar ningún método de protección”. A porcentaxe de resposta libre é tan alta (case un 15%) porque están recollidas situacións de abuso e agresión sexual, *stealth* entre outras.


En relación con isto, por unha banda, o 62% das participantes fixeron uso da píldora do día despois polo menos unha vez na súa vida, o 26% máis dunha vez. Pola outra banda, o 38% das participantes nunca fixeron uso da anticoncepción de emerxencia.




Sobre a propia saúde das mulleres, case o 70% fan revisións xinecolóxicas con frecuencia. A pesar de ser tan alta a asistencia a revisións, moitas (como puidemos ver anteriormente) non son informadas adecuadamente dos riscos, dos anticonceptivos e dos procedementos para a interrupción do embarazo.




Máis da metade das participantes coñecen varias persoas que interromperon o seu embarazo e, case un 80% coñece polo menos a unha persoa que o interrompese.








A respecto da cuestión da información recibida para a interrupción do embarazo sobre as diferentes opcións que tiña a muller, un 55% negan ter recibido ningunha información fronte a un 40% que afirma ter sido informada das diferentes opción que posuía.





Nesta táboa podemos observar que a gran maioría de interrupcións voluntarias de embarazos foron realizadas dentro das primeiras catorce semanas de xestación, fronte ao suposto de ser realizado por causas médicas.




No referente ao lugar en que se desenvolveu a IVE, hai situacións moi dispares. Por unha banda, moitas das respostas que se recollen en “Outra” son derivacións do SERGAS a clínicas privadas dentro da Galiza, que se sumarían ás da pública (porque se basean no mesmo orzamento). Por outra banda, hai un número moi alto en “Outra” de respostas de clínicas privadas, entendendo que se nesgou a resposta porque na nosa estaba referida como “Hospital”. Tamén podemos atopar varias referencias a abortos no estranxeiro, a países como Portugal e Holanda. Cabe destacar que nos desprazamentos fóra da Galiza, que foron minoritarios entre as participantes, un 85% non foron cubertos polo SERGAS. A valoración xeral da atención recibida durante e pos IVE tende a ser positiva, aínda que se comente que o trato era impersoal. Aínda seguimos vendo case un 30% de valoracións negativas, que inclúen en moitos casos violencia obstétrica. Queremos visibilizar o relato desta compañeira: “Na primeira vez foi boa, da segunda vez (moitos anos despois), fun súper xulgada, maltratada e foi moi traumático porque o xinecólogo que me atendeu no COF mentíume dicindo que o embarazo era ectópico e que estaba situado nas trompas e podía morrer en calquera momento (neste caso, o embarazo era anembrionario).”





Case a metade das persoas que participaron non recibiron ningún tipo de seguimento despois da IVE. O resto recibiron, polo menos, seguimento físico, das cales, a metade recibiron físico e atención psicolóxica





Podemos observar que a maior parte das participantes da enquisa (practicaran ou non unha IVE) non recibiron apenas información sobre os efectos dos procedementos abortivos nos corpos das persoas que os reciben. Ademais, que tampouco parecen estar moi socializados os procedementos que existen en cada área sanitaria, xa que moitas das respostas foron negativas neste sentido. Podemos, nesta altura da análise, pensar que moitas das persoas que afirman estar ao tanto dos procedementos está motivado pola proximidade a experiencias deste tipo, isto é, entendemos que garda relación coas preguntas sobre IVE que se practicaron nunha contorna coñecida ou propia.



Xa en preguntas anteriores vimos trazas de violencia obstétrica e, despois de abordar todas as cuestións previas achamos imprescindible mencionala. As dúas últimas preguntas atenden a cuestión da violencia obstétrica así como as propias experiencias das participantes. Como podemos observar

case o 39% das participantes sufriron violencia obstétrica, máis da metade recibiron comentarios despectivos e condescendentes durante o parto ou a IVE e sobre o 15% recibiron presión para dar consentimento a unha práctica que non era a acordada. Queremos recuperar algunhas das testemuñas que deron as participantes:

*“No posparto cesárea, non recibín a atención que necesitaba. Unha semana despois tiveron que abrimme os puntos e drenar o pus. Foi moi doloroso.”*

*“Fixéronme a manobra de kristeller que me fracturou o coxis”*

*“Tras unha cesárea de xemelgos, non me deixaron ver a ningún. A miña filla foi levada á incubadora e o meu fillo directo co pai. Estiven catro horas sen saber nada, soa e sen facer o pel con pel. Déronlles biberón sen o meu consentimento. para colmo, o neno despois non collía a teta, tiveron a cinco ou seis enfermeiras apertando as miñas mamilas, meténdollas ao meu fillo na boca á forza. Para rematar, cando non me podía erguer tras a cesárea, rían dicindo que era unha branda e que todo o mundo podía facelo sen queixarse tanto.”*

*“Déronme a dose incorrecta de misoprostol (adoitan ser catro píldoras de 200mg. e déronme dúas), quedaron restos que me provocaron unha sepse, dúas aspiracións a pelo con 40 de febre nun box aberto en urxencias. En dúas ocasións dixéronme: “volva vostede cando termine o antibiótico se está peor”, até que chegou unha xinecóloga que se botou as mans á cabeza ao verme cunha sepse a punto de morrer. Programoume un legrado urxente e salvoume a vida. Ingresáronme nunha planta de neonatoloxía cos choros dos bebés máis o meu. Un ano de depresión e os restos aínda pesan dentro de min.”*

*“Presionouseme para non proceder coa IVE e ter un fillo/a co meu maltratador/violador (dándoo en adopción posteriormente se non quería crialo) con comentarios paternalistas”*

*“Fíxoseme unha cesárea sen que a precisase, non había sufrimento fetal nin meu. Consentín por ser primeiriza.”*

Construímos este caderno coa vontade de seguir aprendendo, porque para nós o feminismo é unha aprendizaxe continua e necesaria. Aprendemos e construímos un movemento para todas xuntas e, para iso, achamos imprescindible coñecer o pasado, porque fixemos historia e temos o labor, como militantes, de recoller o legado e seguir construíndo. Queremos acabar este caderno en positivo, sendo conscientes do gran traballo que foi para moitas conquistar os dereitos que hoxe temos e do fácil que é volver para atrás.

Temos os ollos postos no futuro, nas leis próximas e as que virán, mais sempre sabendo que non hai lexislación suficiente para as mulleres no capitalismo. Seguiremos atentas e reclamando o cumprimento da lexislación, así como continuaremos reafirmando a importancia da educación en saúde sexual e sexualidade con perspectiva de xénero.

Seguiremos en marcha até que todas sexamos libres. Seremos mulleres libres nunha Galiza liberada!



# Anexo

## **TÁBOA REIVINDICATIVA GALEGA**

### **Na defensa dos dereitos laborais e outros medios de subsistencia das mulleres:**

- Causalización da contratación temporal reducíndoa ás necesidades de produción cõxuntural. Persecución por parte da Inspección de Traballo das empresas que utilizan a economía submerxida ou abusen da contratación temporal. Para evitar este abuso aumentar o custe dos seguros sociais deste tipo de contratos.
- Eliminación nos convénios de todos aqueles incentivos que promovan o abandono do posto de traballo por mor do casamento. Así mesmo calquer outra cláusula discriminatória referida a vestuário, división do traballo por secos, licencias e linguaxe.
- Integración das traballadoras do servizo doméstico no Réxime Xeral da Seguridade Social. Mentras esa integración non sexa efectiva, aplicación ás empregadas no servizo doméstico dos mesmo benefcios laborais e sociais, ademáis das prestacións e subsidios de desemprego que as persoas afilladas ao Réxime Xeral.
- Licencia laboral e salario integro ao longo do primeiro ano de vida da crianza.
- Livre acceso á titularidade da explotación agrária das mulleres labregas. Revisión das limitacións á produción impostas pola Unión Europea.
- Adaptación da lexislación laboral ás distintas realidades do marisqueo na Galiza e aos distintos colectivos de mariscadoras.
- Aplicación da xornada laboral de 35 horas semanais sen redución de salario. Eliminación das horas extra salvo en casos de forza maior que serán retribuídas en tempo libre.
- Ampliación do servizo de comedores escolares a todos os centros públicos de ensino. Creación dunha rede de centros infantís que se adapte ao horario laboral.
- Garantía dos dereitos recollidos no réxime xeral da Seguridade Social para os traballos realizados polas mulleres presas. Aplicación dentro dos cárceres do dereito fundamental ao traballo.
- Garantir o dereito ao traballo remunerado, normalizado, e o máis integrado posíbel ás mulleres con discapacidades. Control por parte das Inspección de Traballo para que non se utilizen as desgravacións por minusvalías nas contratacións para perpetuar a súa marxinação no mundo laboral

### **Contra a pobreza e a exclusión social**

- Creación dun salario social universal igual ao salario mínimo interprofesional
- Igualación das pensións mínimas ao salario mínimo interprofesional
- Conservación dentro dos cárceres do dereito a perceber pensións.
- Aumento da rede pública de asistencia e residencia xeriátrica
- Plano global de retorno que garanta a inserción social e laboral das emigrantes
- Responsabilidade subsidiaria do estado a respecto das pensión de manutención mentras non se efective a resolución xudicial en casos de separación oudivorcio.

## Contra a violencia de xénero



- Aumento das aplicacións de medidas preventidas como o "afastamento" recollidas na Lei de Axuizamento Criminal e no Código Penal.
- Aplicación da Lei de Protección de testemuñas ás mulleres ameazadas polo seus agresores. Creación en todos os xultados do turno de oficio específico para mulleres.
- Aplicación do artigo 408 do Código Penal ao persoal de xustiza e das forzas de seguridade que coa súa práctica machista perpetuen a violencia de xénero
- Elaboración dun Plano Galego de loitra contra a violencia de xénero, con dotación de orzamento suficiente, onde participen, tanto na súa redacción como no seu seguimento e avalización, as organizacións feministas.
- Paralización de todos os expedientes de extradición das mulleres prostituídas.
- Campañas de deslexitimación dos usuarios da prostitución como cómplices do comercio e explotación das mulleres.
- Persecución dentro dos cárceres das agresións ás mulleres presas. Inhabilitación dos xuíces de vixiáncia penitenciária que non investiguen as denuncias apresentadas polas presas ou as súas familias.



### **Polos dereitos sexuais, de saúde e reproductivos**

- Implantación en todos os centros de saúde de consultas xinecolóxicas. Instauración destas consultas nos centros penitenciarios con módulos de mulleres.
- Revisión xinecolóxica anual, completa e axeitada ás distintas idades.
- Cursos de formación específica para todo o persoal sanitario en relación con aquelas doenzas que afectan dun xeito diferenciado ás mulleres.
- Eliminación na sanidade pública da obxección de conciencia do persoal sanitario en relación aos dereitos sexuais e reproductivos.
- Dereito ao aborto, libre e gratuito con cobertura real na sanidade pública.
- Sanidade pública, universal e gratuita. Incluíndonos servizos e intervencións derivadas do cambio de sexo.
- Ampliación da rede de Centros de Orientación sexual, actualmente COF, con atención específica ás mulleres mozas. Garantir o acceso gratuito da mocidade áo métodos anticonceptivos
- Creación da área de educación sexual no currículo educativo con participación de profesionais de sexoloxía, representantes de organizacións de loita pola liberdade sexual e feministas.
- Aplicación da cobertura da sanidade pública, con todos os seus servizos, ás mulleres presas e ás inmigrantes.

### **Polo remate de todo tipo de discriminación**

- Persecución de todas as expresións sociais, institucionais, culturais, económicas...que discriminen ás lesbianas.
- Igualdade de dereitos para todas as persoas independentemente da súa práctica sexual (adopción, herdanza, coberturas sociais, ...)
- Legalización da situación de todas as persoas inmigrantes, dereito a reunificación familiar.
- Plano específico de actuación contra a marxinação das mulleres ciganas, fomentando na rede de ensino público o interculturalismo, con programas específicos de formación profesional e políticas de emprego e vivenda.
- Plano específico de actuación contra a marxinação das mulleres con discapacidades onde se contemple unha actuación real no sistema educativo de respecto e integración da diferéncia, políticas de vivenda e apoio profesional que fagan realidade a súa independencia persoal. Respecto ao dereito de autodeterminación dos seus corpos e das súas vidas.

**marxinación  
pobreza  
exclusión  
tenen nome de muller**

**domingo día 11 ás 12:30 no toural**  
**Manifestación nacional**  
**Actos locais: xoves día 8 ás 20h.**



Nosoutras defendemos o dereito da muller a ter a posibilidade real e concreta de decidir se quere ser nai ou non e cando; sen que leis, ministros, bispos, médicos, xuíces ou calquera outra persoa interfiran na súa decisión. Sen que tampouco a Red Madre ou a Lei de Familia aperten e presionen ás mulleres embarazadas.

Queremos que se poñan a dispor de todas as mulleres que queren ser nais as posibilidades de facelo (servizos sociais públicos, escolas infantís, vivenda, comedores escolares, traballos con salarios e horarios que permitan a crianza) e que as administracións cumpran co seu cometido facilitando a nais e pais a posibilidade real de facer compatible traballo e familia.

Queremos que exista o dereito ao aborto libre, sen máis causas que a vontade da muller nas primeiras semanas, na carteira de servizos da sanidade pública.

E non queremos que se nos titorice. Somos capaces, sabemos o que decidimos.

Por todo isto, opoñémonos e denunciámos a intención do goberno do Partido Popular que, ao ditado da Conferencia Episcopal, en troca de mellorar as nosas vidas, garantir os nosos dereitos e as nosas liberdades,ponse a recortar unha lei que conta co apoio da maior parte da poboación.


Nosoutras parimos, nosoutras decidimos.

A liberdade de ser nai pasa pola liberdade de non selo.

Aborto libre, gratuíto, na sanidade pública e á decisión da muller

## PLATAFORMA GALEGA POLA DEFENSA DO DEREITO AO ABORTO

Adiante, AGIR, Andaina, ANOVA, Asemblea de Mulleres de Galiza Nova, Asociación CDR Virxe do Carme de Camariñas, Asociación de Mulleres Doma, Asociación Enriqueta Otero, Asociación "Finisterrae" de profesionais de desenvolvemento local (AFIPRODEL), Asociación Galega de Saúde Sexual (AGASEX), Asociación Líder, Asociación profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (APAIOGA), Asociación Púrpura, Asociación Teenses pola Igualdade, BNG, Briga, CCOO de Galicia, Conas Ceives, CIG, CUT, Espazo Ecosocialista, Esquerda Unida, Federación de asociacións de Mulleres rurais de Galiza (FADEMUR), Foro Feminista Falando Nós, FPG, Grupo LGTB 7 cores, ISCAI, Liga estudantil galega, Marcha Mundial das Mulleres, Médicas do mundo, Mulleres en Acción do Barbanza, Mulleres Luguesas contra a violencia de xénero, Mulheres Nacionalistas Galegas, Mulleres progresistas Alba, Mulleres progresistas de Poio, Nós-UR, Plataforma Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Plataforma SOS Sanidade Pública, PSdeG-PSOE, Rede de Mulleres contra os malos tratos de Vigo, Rede Feminista de Compostela, Rede Provincial Pontevedra pola Igualdade, STEG, «Sindicato Labrego Galego, Sociedade Galega de Sexoloxía, UGT Galicia, Unións Agrarias-UPA Galicia, Viudas Demócratas de Vigo, Xuventude Comunista de Galiza, Xuventudes Socialistas de Galicia



## ABORTO LIBRE E GRATUÍTO: AS MULLERES DECIDIMOS

A loita polo dereito das mulleres a decidir a súa maternidade, elas, sen intromisións, ten conformado o cerne do feminismo galego. Unha peza substantiva foi bater na idea de que ser nai é unha obriga. Ser nai é unha oportunidade, unha opción. Elixir implica información, medidas anticonceptivas para aquelas mulleres de prácticas heterosexuais que non queiran quedar embarazadas, medios reais para exercer a maternidade en condicións axeitadas e o regulamento do aborto ou interrupción dun embarazo que non se quere levar a término.

Esta batalla foi dura e persistente no tempo. Morreron mulleres en abortos clandestinos, foron detidas, encausadas e xulgadas. Outras pasaron cárcere xunto con profesionais da sanidade. Foron moitas as que por non poderen interromper o seu embarazo tiveron que enfrontarse a maternidades non desexadas. Dor, humillacións e clandestinidades a grande maioría.

Logo da primeira aprobación da despenalización parcial do aborto en tres supostos en agosto de 1985 co goberno de Felipe González, que deixaba á maior porcentaxe de abortos fora dos tres supostos, seguimos loitando e sempre demandamos información sexual, buscando o porque tantísimas mulleres quedan embarazadas sen querer. Sabemos moi ben que ningunha muller aborta por gusto senón para evitar un mal máis grande como é traer ao mundo crianzas non desexadas.

Destas loitas conseguíuse o cambio de opinión de amplos sectores sociais anteriormente opostos ao aborto polas prédicas desde púlpitos durante centos e centos de anos e de boa parte da xerarquía da xinecoloxía española.

En 2010 o goberno de Zapatero aproba a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo que pasa a un sistema de prazos con indicacións no caso de malformación do feto. Esta Lei crea unhas condicións de mínima dignidade e respecto á decisión das mulleres aínda moi mellorables (obxección de conciencia, privatización cáseque absoluta da prestación, censura da formación e práctica médica, estigmatización profesional de quen fai abortos...)

Agora o ministro Gallardón á fronte do goberno do PP, preocupado por seguir o ditado da Conferencia Episcopal, do Foro da Familia e organizacións semellantes que forman ese 10% da poboación que pretenden a supresión do aborto e que sexa delito en todos os casos, queren una volta atrás sen precedentes.





